

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO NO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **cinco profesores**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior.
2. O censo electoral estará exposto a partir do día 30 de outubro de 2024 na administración do centro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar do 30 de outubro ao 6 de novembro de 2024 ás 14:00 horas, mediante formulario normalizado dispoñible na administración do centro.
4. A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último como secretario.
5. Convócase Claustro de carácter extraordinario para o día 8 de novembro de 2024 ás 11:20 horas, co fin de dar cumprimento ao artigo 35 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece, "O director do centro procederá a convocar o Claustro para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ao procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolardos como tales pola xunta electoral. Nesta sesión comunicarase a data de celebración do Claustro de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores no Consello Escolar".





6. **As votacións realizaranse, mediante a celebración do Claustro extraordinario, o día 18 de novembro, das 11:20 h ás 11:45 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:15 horas.**
7. Na papeleta de votación cada profesor/a fará constar un máximo **de catro** nomes da lista de candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegable (non por correo).
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, a 30 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral  
Jose Manuel Tallos Caldeiro

